



APDR únese ao rexeitamento ao parque eólico de Pedras Negras no Morrazo

A Asociación Pola Defensa da Ría quer expresar o seu rexeitamento á instalación dun novo parque eólico no noso entorno, desta volta no espazo natural dos Montes do Morrazo, así como o seu apoio à Plataforma en Defensa dos Montes do Morrazo e a súa loita en contra deste proxecto e das demais agresións ambientais que ameazan a comarca (parque industrial no Monte Pituco, desdoblamento do corredor do Morrazo...).

A instalación deste parque eólico aprobado pola Xunta de Galiza e promovido pola empresa Enel Green Power España suporá a colocación de 14 aerogeradores de grandes dimensións cunha potencia de 42 MW, 17 km de pistas de acceso ou 15 km de gabias para o cableado eléctrico, así como a construción dunha subestación eléctrica. Tal e como denuncia a Plataforma, dende a APDR consideramos esta instalación como unha forte agresión incompatíbel coa preservación dos valores ambientais, paisaxísticos, xeolóxicos, arqueolóxicos, etnográficos, sociais, de saúde e económicos das comarcas afectadas.

Uns danos que xa son ben coñecidos en toda Galiza e que agora ameazan as Rías Baixas, con proxectos como este, o do Monte Castrove ou o da Serra do Galiñeiro. Proxectos que, disfrazados de “verdes”, só benefician a unha minoría, às empresas que os constrúen e explotan hipotecando un futuro alternativo para as zonas nas que se instalan.

Galiza ten unha produción de enerxía dos parques eólicos moito maior da que consume. A costa de que? ... a costa do noso patrimonio e os nosos recursos arqueolóxicos, culturais, paisaxísticos, de aproveitamento forestal, con graves prexuízos ao territorio e a súa poboación: contaminación térmica (elevación local da temperatura), electromagnética (asociada ás liñas eléctricas de evacuación) e acústica (ruídos e infrasons polo movemento do rotor), alteracións dos ciclos hidrolóxicos, afectacións de hábitats prioritarios, prexuízos na gandería, especies ameazadas cun importante aumento da mortalidade de aves (especialmente migratorias),

Os efímeros beneficios á poboación local non poden xustificar esta nova afronta que a afástanos, cada vez máis, dun desenvolvemento real e sustentábel.

Pontevedra 14 de xaneiro de 2013